

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
1,3-butadieno; buta-1,3-dieno	601-013-00-X	203-450-8	106-99-0	D
Oxido de propileno; 1,2-epoxipropano; metiloxirano	603-055-00-4	200-879-2	75-56-9	E
1,3,5-tris-[(2S e 2R)-2,3-epoxipropil]-1,3,5-triazin-2,4,6-(1H,3H,5H)-triona	616-091-00-0	423-400-0	59653-74-6	E

4. Lista E (substancias tóxicas para a reprodución: categoría 1)

Incorpórase a esta lista a substancia seguinte:

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
2-bromopropano	602-085-00-5	200-855-1	75-26-3	E

5. Lista F (substancias tóxicas para a reprodución: categoría 2)

Incorpóranse a esta lista as substancias seguintes:

Substancia	Número de clasificación	Número CE	Número CAS	Notas
Flusilazol (ISO); bis(4-fluorofenil)-(metil)-(1H-1,2,4-triazol-1-il-metil)-silano	014-017-00-6	—	85509-19-9	E
Mestura de: 4-[[bis(4-fluorofenil)-metilsilil]-metil]-4H-1,2,4-triazol; 1-[[bis(4-fluorofenil) metilsilil]metil]-1H-1,2,4-triazol	014-019-00-7	403-250-2	—	E
Bis(2-metoxietil) éter	603-139-00-0	203-924-4	111-96-6	E
R-2,3-epoxi-1-propanol	603-143-00-2	404-660-4	57044-25-4	E
Fluazifop-butil (ISO); (RS)-2-[4-(5-trifluorometil-2-piridiloxi)fenoxi]propionato de butilo	607-304-00-8	274-125-6	69806-50-4	E
Vinclozolin (ISO); N-3,5-diclorofenil-5-metil-5-vinil-1,3-oxazolidin-2,4-diona	607-307-00-4	256-599-6	50471-44-8	E
Ácido metoxiacético	607-312-00-1	210-894-6	625-45-6	E
Ftalato de bis(2-etilhexilo); Ftalato de di-(2-etilhexilo); DEHP ...	607-317-00-9	204-211-0	117-81-7	E
Ftalato de dibutilo; DBP	607-318-00-4	201-557-4	84-74-2	E
(+/-) (R)-2-[4-(6-cloroquinoxalin-2-iloxi)feniloxi] propionato de tetrahidrofurfurilo	607-373-00-4	414-200-4	119738-06-6	E
Flumioxazin (ISO); N-(7-fluoro-3,4-dihidro-3-oxo-4-prop-2-inil-2H-1,4-benzoxazin-6-il)ciclohex-1-en-1,2-dicarboxamida (2RS,3RS)-3-(2-clorofenil)-2-(4-fluorofenil)-[(1H-1,2,4-triazol-1-il)-metil]oxirano	613-166-00-X	—	103361-09-7	E
N, N-dimetilacetamida	613-175-00-9	406-850-2	106325-08-0	E
Formamida	616-011-00-4	204-826-4	127-19-5	E
N-metilacetamida	616-052-00-8	200-842-0	75-12-7	E
N-metilformamida	616-053-00-3	201-182-6	79-16-3	E
N-metilformamida	616-056-00-X	204-624-6	123-39-7	E

11719 *ORDE PRE/1954/2004, do 22 de xuño, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e uso de certas substancias e preparados perigosos (nonilfenol, etoxilados de nonilfenol e cemento).* («BOE» 152, do 24-6-2004.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos e ditouse conforme a normativa da Unión Europea que regula esta materia. Esta constitúena a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, rela-

tiva á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos e as súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Recentemente publicouse a Directiva 2003/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2003, que modifica por vixésimo sexta vez a Directiva 76/769/CE do Consello, respecto á limitación da comercialización e o uso de determinadas substancias e pre-

ó parados perigosos (nonilfenol, etoxilados de nonilfenol e cemento).

O nonilfenol (NP) é unha substancia moi tóxica para os organismos acuáticos e pode causar efectos adversos a longo prazo ao ambiente acuático. Así mesmo, demostrouse o seu efecto como disruptor endócrino. Os etoxilados de nonilfenol (NPE) non son tóxicos como tales, pero como resultado do seu uso aparecen nos desaugadoiros onde se hidrolizan para liberar nonilfenol, que se converte así nun contaminante do ambiente. Como resultado da avaliación de riscos, efectuada a nivel comunitario, límitanse a súa comercialización e usos co fin de protexer a saúde humana e o ambiente.

O cemento e os preparados de cemento que conteñen cromo hexavalente (Cr, VI) poden causar reaccións alérxicas en determinadas circunstancias. Xa no anexo V do Regulamento de clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, se regulou a súa etiquetaxe a este respecto. De acordo co exposto, co fin de protexer a saúde humana límitase o contido de cromo (VI) no cemento e en preparados do cemento a dous ppm (partes por millón p/p) no caso de actividades manuais en que existe risco de contacto coa pel.

Esta orde, que se dita en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, incorpora ao noso ordenamento xurídico a citada Directiva 2003/53/CE. Para a elaboración da presente orde foron consultados os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

Primeiro. *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989.*—Engádense ao anexo I-parte 1 do Real

decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos, os puntos 46 (nonilfenol e etoxilados de nonilfenol) e 47 (cemento), que figuran no anexo da presente orde coas súas correspondentes limitacións.

Segundo. *Método de ensaio.*—O método de proba harmonizado para a aplicación do punto 47 (cemento) do anexo da presente orde determinarase de acordo coa correspondente disposición comunitaria.

Terceiro. *Validez de autorizacións existentes até a súa extinción.*—O establecido na presente orde non afectará a validez das autorizacións existentes dos produtos fitosanitarios ou dos biocidas que conteñan etoxilados de nonilfenol (NPE) como coadxuvante, que fosen concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente orde, e conservarán a súa validez até a extinción de tales autorizacións.

Cuarto. *Prórroga de comercialización.*—As substancias e preparados incluídos no anexo desta orde poderanse seguir comercializando e utilizando, conforme a normativa vixente antes da súa entrada en vigor, até o 17 de xaneiro de 2005.

Quinto. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de xuño de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmo. Sr. Ministro de Industria, Turismo e Comercio e Excmas. Sras. Ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente.

ANEXO

Denominación da substancia dos grupos de substancias ou dos preparados	Limitacións
n.º 46. 1. Nonilfenol C ₆ H ₄ (OH) C ₉ H ₁₉ . 2. Etoxilados de nonilfenol (C ₂ H ₄ O) _n C ₁₅ H ₂₄ O.	Non se poden pór no mercado ou usar como substancias ou constituíntes de preparados en concentracións iguais ou superiores ao 0,1% en masa para os usos seguintes: <ol style="list-style-type: none"> 1. Limpeza industrial e institucional, excepto: En sistemas controlados e fechados de limpeza en seco en que o líquido de limpeza se recicla ou se incinera. En sistemas de limpeza con tratamento especial en que o líquido de limpeza se recicla ou se incinera. 2. Limpeza doméstica. 3. Tratamento dos téxtiles e do coiro, excepto: O tratamento sen descarga nas augas residuais. Os sistemas cun tratamento especial en que a auga se somete a un tratamento previo para eliminar completamente a fracción orgánica antes do tratamento biolóxico das augas residuais (desengraxamento de peles ovinas). 4. Emulsificante na gandaría para o lavado de tetos por inmersión. 5. Metalurxia, excepto os usos en sistemas controlados e fechados en que o líquido de limpeza se recicla ou se incinera. 6. Fabricación de pasta de papel e do papel. 7. Produtos cosméticos. 8. Outros produtos para a hixiene persoal, excepto os espermicidas. 9. Como coadxuvantes en biocidas e produtos fitosanitarios.

Denominación da substancia dos grupos de substancias ou dos preparados	Limitacións
n.º 47. Cemento.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O cemento e os preparados que conteñen cemento non se poden usar ou pór no mercado se, unha vez hidratados, o seu contido de cromo (VI) soluble é superior ao 0,0002% do peso seco de cemento (equivalente a 2 partes por millón). 2. Cando se usen axentes redutores e sen prexuízo da aplicación da normativa sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias e preparados perigosos, o envase do cemento ou dos preparados que conteñen cemento deberá ir marcado de forma lexible e indeleble con información sobre a data de envasado, así como sobre as condicións de almacenamento e o tempo de almacenamento adecuado para manter a actividade do axente redutor e o contido de cromo (VI) soluble por debaixo do límite indicado no número 1 deste punto. 3. A título de excepción os números 1) e 2) deste punto non se aplicarán á posta no mercado e ao uso en procesos controlados, fechados e totalmente automatizados en que o cemento e os preparados que conteñen cemento só sexan manexados por máquinas e nos cales non exista ningunha posibilidade de contacto coa pel.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

11835 *REAL DECRETO 1408/2004, do 11 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Económica Europea sobre intercambio de información tributaria.* («BOE» 153, do 25-6-2004.)

A Directiva 77/799/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1977, procurou aos Estados membros desde a súa aprobación o marco xurídico necesario para o intercambio de información tributaria no ámbito dos impostos directos e indirectos.

A loita contra a fraude exige aos Estados membros esforzos continuos que permitan contar cos instrumentos necesarios para permitir un intercambio de información eficaz. Así, o Regulamento (CE) n.º 1798/2003 do Consello, do 7 de outubro de 2003, relativo á cooperación administrativa no ámbito do imposto sobre o valor engadido e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 218/92, establece un instrumento xurídico único para a cooperación administrativa tributaria para o imposto sobre o valor engadido, coa excepción das disposicións contidas na Directiva 76/308/CEE do Consello, do 15 de marzo de 1976, referente á asistencia mutua en materia de cobramento dos créditos resultantes de operacións que formen parte do sistema de financiamento do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, ben como das exaccións reguladoras agrícolas e dos dereitos de alfándega. Por tanto, actualmente a Directiva 77/799/CEE xa non é de aplicación ao imposto sobre o valor engadido.

Por outra parte, resulta conveniente que na actualidade o ámbito de cooperación entre os Estados membros inclúa tamén a imposición sobre primas de seguros.

Por estes motivos, o Consello adoptou a Directiva 2003/93/CE, do Consello, do 7 de outubro de 2003,

pola que se modifica a Directiva 77/799/CEE relativa á asistencia mutua entre as autoridades competentes dos Estados membros no ámbito dos impostos directos e indirectos. A Directiva 77/799/CEE foi incorporada ao ordenamento interno, xunto coas modificacións realizadas pola Directiva 79/1070/CEE do Consello, do 6 de decembro de 1979, pola que se inclúe o imposto sobre o valor engadido no seu ámbito de aplicación, polo Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Económica Europea sobre intercambio de información tributaria. Posteriormente, o citado real decreto foi obxecto de nova modificación polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, para dar cumprimento ao disposto na Directiva 92/12/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1992, dando cabida aos impostos especiais de fabricación no seu ámbito de aplicación.

Por todo o anterior, resulta procedente modificar o Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, dando cumprimento ao disposto no artigo 3 da Directiva 2003/93/CE do Consello.

O artigo 1 modifica o título e o artigo 1 do Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro. O artigo 2 engade un novo parágrafo ao número 2 do artigo 8.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xuño de 2004,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Económica Europea sobre intercambio de información tributaria.*

O Real decreto 1326/1987, do 11 de setembro, polo que se establece o procedemento de aplicación das directivas da Comunidade Económica Europea sobre intercambio de información tributaria, modifícase nos seguintes termos: